

# Nordés

Porto do Son

Número 5. Epoca 2ª / Marzo 2011

“Queremos ser a alternativa de goberno que precisa Porto do Son co voso respaldo”

Impreso postal sen enderezo

## Canto máis Bloque no Concello, mellor



Veciños e, moi especialmente, veciñas:

Nas eleccións do vindeiro mes de maio, encabezo a lista do BNG, que

está chea de mulleres e homes de moito prestixio e moita preparación. Persoas capacitadas necesarias para formar un equipo de goberno que aspiro a liderar para crear emprego e reactivar a economía local nestes tempos de crise.

Das persoas do Bloque a sente fala moi ben, porque aprezo que loitamos polo que cremos xusto, porque somos capaces de sentar e tratar con quen sexa preciso, e porque xestionamos os cartos públicos con transparencia.

Nós representamos un proxecto distinto ás outras forzas políticas e temos demostrado o noso compromiso

cos veciños e veciñas de Porto do Son.

Nós temos forzas e ideas novas: queremos ser a alternativa de goberno que precisa Porto do Son co voso respaldo electoral.

Neste último anos temos demostrado tamén capacidade para gobernar Porto do Son e por citarmos, quero subliñar estas realidades: a piscina municipal que despois de anos de liortas e proxectos carísimos, que non parecían ter fin, fomos capaces de converter en realidade. A Casa da Cultura de Xuño outro obxectivo que,

sen o BNG, aínda se estaría a discutir en todos os plenos. Ou tamén importante foi que o empresariado cobrasen do Concello os pufos das sucesivas alcaldías que pasaron polo Son. Está moi claro: canto máis Bloque no Concello, mellor.

Tampouco quero deixar de lado a importancia de que unha muller estea na alcaldía.

Na nosa terra, que tamén é muller e nai, faise xa necesario que nós, as mulleres, teñamos máis voz.

Todas nós, e, cada vez, máis de entre eles, sabemos da nosa valía e da nosa capacidade, capacidade de traballo e sacrificio: somos distintas, somos mulleres.

Eu, Ánxela Franco, prométovos traballo e xestión a prol dos intereses e necesidades das veciñas e veciños, pero tamén a contundencia e forza que se precise para defender Porto do Son.

Aspiro a presidir, despois de maio, e co voso respaldo electoral, un goberno municipal para toda a xente, sen discriminacións, con diálogo. Quero ser a alcaldesa das sonensas e sonenses, e podeades estar seguras e seguros que sempre teredes, cara a cara, unha persoa que vos vai escoitar para solucionar o voso problema.

É tempo de compromisos, é tempo de alternativa para Porto do Son, por iso precisamos da túa forza para facer posíbel o cambio necesario e transformador que Porto do Son require. Agardarmos a túa man.

**Ánxela Franco**

Candidata do BNG á alcaldía de Porto do Son

Edita: BNG Porto do Son



www.bng-galiza.org  
portodoson@bng-galiza.org

# Nós cumprim

## Despois dun ano do BNG no Goberno, cambiam

### Facemos un repaso:



#### A Piscina Municipal

Tivo que chegar o BNG ao goberno municipal para que se puidera culminar esta demanda, e para que Porto do Son non sexa o

único concello da comarca sen piscina. Para iso, investimos preto de 2 millóns de euros.



#### A creación de emprego

Co BNG no goberno, destináronse 170.000 euros para a realización dun viveiro de empresas, onde as ideas emprendedoras

teñen un lugar para iniciar a súa andaina empresarial.



#### A remodelación da Praza de Abastos

Mediante o Plan Director de Comercio da Deputación, o BNG acadou un investimento de case 100.000 euros,

que servirá para mellorar as condicións de traballo das nosas praceiras e ofrecer un mellor servizo aos usuarios e usuarias.

#### A Casa da Cultura de Xuño

A Casa da Cultura de Xuño, por fin vaise acometer de xeito definitivo despois de tanto tempo e con cargo aos orzamentos municipais do ano 2010 preto de 600.000 euros.



#### O Museo do Mar

É unha realidade que o BNG conquistou negociando os orzamentos do Estado: esa negociación concreouse nunha subvención de 500.000 euros.

#### A Traída Municipal de Augas

Coa colaboración da Deputación destináronse máis de 800.000 euros para dar este servizo indispensable ás veciñas e veciños da zona norte do noso concello.



#### O Tanatorio Municipal

Grazas ao BNG da Deputación e ao BNG deste concello, acadouse unha partida de 300.000 euros para iniciar un servizo tan demandado.



#### A seguridade viaria

Destinamos un investimento de 225.000 euros para facer beirarrúas nas parroquias de Queiruga e Caamaño, e, en breve, iniciarase a construción dun novo tramo no lugar da Arne-

la (Baroña), valorado en 100.000 euros. Ademais hai que engadir a obra de alumeadado público Abuín-As Ínsuas (Baroña), cun investimento de 87.000 euros.

# mos sempre

## mos moitas cousas no Concello de Porto do Son



### Os parques infantís

Destinamos un investimento de 180.000 euros para remodelar os parques infantís de Portosín e Porto do Son. Adecuáronse á

normativa vixente os parques infantís de Miñortos, Queiruga e San Pedro de Muro, cun investimento de 67.000 euros. Ademais, con cargo aos orzamentos municipais de 2010, faranse actuacións nos restantes parques por un total de 70.000 euros.



### As pistas polideportivas

Realizamos actuacións nas diferentes pistas polideportivas do noso concello, ás que se dotou de portería-canasta antivandálica e de

rede para a práctica do tenis, por un importe de 125.000 euros con cargo á Deputación.



### As estradas municipais

Realizamos actuacións de bacheo, acondicionamento e limpeza dos vias municipais por un importe de máis de 400.000 euros, coa

colaboración da Xunta e a Deputación.

### Ademais:

Coa colaboración de asociacións veciñais, comunidades de montes, asociación empresarial, ANPAs, clubs deportivos e asociacións culturais, acometéronse actuacións que repercuten no benestar de todos os veciños e veciñas deste concello no día a día.

Dotamos dunha rede Wimax –Wifi, por un importe de preto de 400.000 euros, que dará cobertura á veciñanza toda deste concello, sendo pioneiros na comarca no uso social das novas tecnoloxías.



Creamos o Centro de Interpretación das Lagoas de Xuño e Muro, e fixemos unha actuación dende as lagoas até a ponte vella, por un importe de máis de 130.000 euros. Servirá para a promoción da nosa riqueza medioambiental, aspirando a que, no futuro, se converta nun pilar de crecemento económico.



Rematamos coa escombreira a carón da Casa da Cultura do Son, convertendoa nunha área de recreo e espaxamento para os nenos, nenas e as persoas maiores,

cun investimento de preto de 100.000 euros. Ademais instalamos parques biosaudabéis en Portosín e Xuño.

Saldamos débeda contraída polo Concello, dende o ano 2004, por un importe de preto de 1 millón de euros, apoiando deste xeito ao empresariado para que sexa algo máis levadeira a situación actual de crise.

Estamos satisfeitos, pero desexamos moito máis para o noso concello, sabemos como logralo, ese é o noso compromiso, gobernar Porto do Son para resolver os problemas das sonensas e dos sonenses. A túa forza é importante.

## A Contracapa

# A presión social contra a Lei de Augas dá os seus froitos

O BNG rexistra no Parlamento 14.000 sinaturas para que o Goberno galego derroque o canon que grava o consumo da auga

O clamor social contra a Lei de Augas deu os seus primeiros froitos e o Goberno galego comeza a recuar. O Bloque Nacionalista Galego, en sintonía coa inmensa maioría da sociedade, desenvolveu unha intensa campaña contra a Lei e recolleu perto de 14.000 sinaturas en demanda da derogación do canon que grava o consumo da auga. As sinaturas entregounas unha delegación do BNG encabezada polo seu portavoz nacional, Guillermo Vázquez, no Parlamento Galego. A formación nacionalista continuará a súa campaña até a definitiva derogación da lei.

A batalla contra esta lei xa comezou a dar os seus primeiros froitos, de tal xeito que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, dixo no Parlamento que mentres el estea no cargo ninguén terá que pagar o canon. É evidente que o Goberno do PP acusa a presión política do BNG e do movemento social contra a Lei

“**A batalla continuará até conseguir a derogación do canon da auga por ser un imposto irracional e inxusto**”



Momento en que a delegación do BNG entregou no Parlamento de Galiza as sinaturas contra a Lei de Augas

de Augas. Pero non chega con este anuncio-trampa, feito ademais en vésperas eleitorais. O canon ten que ser retirado. A Xunta ten que escoitar a xente.

O Bloque Nacionalista Galego desenvolveu unha intensa campaña social de oposición ao canon que grava o consumo da auga que consistiu en múltiples encontros con veciños e veciñas para dar a coñecer os trazos básicos da lei.

Fixéronse ao longo e ancho de Galiza arredor de 200 encontros informativos nos que tomaron parte unhas 8.000 persoas. A altísima participación

nestes actos pon de manifesto a enorme sensibilidade social ante unha lei que é percibida como arbitraria e inxusta.

### A recollida de sinaturas continúa

O BNG vai continuar a traballar até que a lei sexa derogada e vaino facer, coma sempre, na rúa, e nas institucións, continuando coa súa campaña de charlas e recollida de sinaturas e propondo a derogación da lei no Parlamento.

Unha delegación nacionalista, composta por candidatos e candidatas, concelleiros, concelleiras, membros da Executiva, a deputada Isabel Sánchez e encabezada polo portavoz nacional, Guillermo Vázquez, acudiu en datas pasadas ao Parlamento de Galiza para rexistrar as preto de 14.000 sinaturas que o BNG levaba recollidas até ese momento en demanda da derogación da Lei de Augas. Trátase da primeira das batallas dunha loita que vai prolongarse até que se consiga o obxectivo de acabar cunha norma que pretende cobrar aos usuarios pola auga dos seus pozos ou traídas veciñas en lugares en que non existe subministro público.

#### Como contactar co BNG de Porto do Son:

Enderezo Postal: Avenida de Galiza, 9 – 1º andar  
15970 Porto do Son  
Enderezo electrónico: portodoson@bng-galiza.org  
Teléfonos de contacto: 981767100  
Web Nacional: www.bng-galiza.org

#### Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.  
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850  
www.bng-galiza.org  
nacional@bng-galiza.org

